

Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Ourense para o financiamento de gastos de funcionamento da organización colexial

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local.

O Decreto 117/2022, do 23 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, atribuíndolle, entre outras as competencias as relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local.

Á súa vez, o artigo 29 do antedito decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias que, con respecto ao persoal funcionario de habilitación de carácter nacional, lle corresponde a Comunidade Autónoma de Galicia

2. Antecedentes

Segundo o Real Decreto 353/2011, do 11 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais da Organización Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local, os colexios oficiais que integran a dita organización son corporacións de dereito público, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar plena para o cumprimento dos seus fins e que teñen entre as súas funcións cantas redunden en beneficio dos intereses profesionais dos colexiados.

O artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Ourense, no ámbito das súas respectivas competencias, consideran oportuno establecer un marco de colaboración que lles permita xuntar esforzos para facilitar a consecución dos seus intereses comúns.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Ourense o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2022.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Ourense para o financiamento de gastos de funcionamento da organización colexial.



5. Fundamentos do convenio

Na aplicación 05.23.141A.481.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022 consignase a cantidade de 15.000 € como gasto destinado á colaboración entre a Xunta de Galicia e os Colexios de Secretarios Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Comunidade Autónoma.

Co fin de distribuír esta cantidade global, solicitóuselles aos presidentes dos tres colexios a presentación dunha proposta de gastos necesarios para o funcionamento da organización, co fin de poder instrumentar a concesión das subvencións mediante a subscripción de convenios individuais entre a Xunta de Galicia e cada un dos tres colexios territoriais de Galicia.

Todos os colexios responderon á proposta de colaboración da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e estanse a tramitar os respectivos convenios.

A distribución do crédito dispoñible realizouse con base nos respectivos orzamentos de gastos e/ou da cantidade solicitada por cada colexio con relación á porcentaxe de persoas colexiadas en cada ámbito territorial, consonte o principio de congruencia recollido no artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de DOUS MIL CENTO CINCUENTA E TRES EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.481.2 (CP 2015 00098) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso

Documento asinado dixitalmente á marxe

